

Iniciativas solidarias 413-1

Cooperación internacional

En EROSKI cremos que a solidariedade debe cruzar fronteiras, motivo polo cal as nosas campañas céntranse tamén nas necesidades urxentes dos que están máis lonxe.

Campaña de recollida de xoguetes coa Cruz Vermella

Durante dous días do mes de decembro, os nosos clientes puideron participar na campaña de recollida de xoguetes non bélicos e non sexistas. Todas as doazóns destináronse a cubrir as necesidades de nenos e nenas de familias en risco de vulnerabilidade social e económica que non poden asumir a compra de xoguetes.

Programa entrega de produto

Un ano máis, seguimos doando artigos de consumo non alimentario (xoguetes, calzado, roupa, material escolar e produtos ópticos, entre outros) a nenos de Latinoamérica a través da Federación Nenos do Mundo, organización que traballa para o desenvolvemento humano sostible e a cooperación internacional. En 2018, as doazóns acadaron os 169.200 euros.

Estrela solidaria

Por cuarto ano consecutivo, EROSKI repetiu a súa campaña de Nadal "Estrela solidaria". Grazas aos clientes das tendas de EROSKI e VEGALSA-EROSKI, en 2018 acadáronse os 63.000 euros de recadación polos beneficios da venda da estrela. Destináronse á axuda á infancia a través de UNICEF e a Fundación EROSKI, xa que esta foi a causa elixida por votación dos persoas consumidoras.

Campaña de emerxencia polo tsunami de Indonesia

Grazas á solidariedade de EROSKI e os seus clientes, recadamos 30.000 euros na campaña de emerxencia polos damnificados do tsunami de Indonesia de outubro, organizada en coordinación con UNICEF. Os fondos destináronse a proporcionar auga potable e saneamento para previr epidemias e facilitar unha atención sanitaria e nutrición axeitadas.

Voluntariado cooperativo

Como parte dos principios de cooperación e solidariedade de EROSKI, colaboramos durante máis dunha década con **MUNDUKIDE**, unha organización centrada no desenvolvemento dos pobos do Terceiro Mundo. Axudamos a difundir información sobre os seus proxectos a través da nosa revista EROSKI CONSUMER e da [web www.consumer.es](http://www.consumer.es) e participamos no "Programa de Voluntariado Cooperativo para a Transformación Social" que MUNDUKIDE desenvolve xunto co Centro de Investigación Lank de Mondragon Unibertsitatea e o movemento de traballadores rurais sen terra (MST) do Brasil. Catro empregados de EROSKI xa ofreceron o seu coñecemento sobre distribución e comercialización para impulsar o desenvolvemento socio-económico e cooperativo na rexión central do Estado de Paraná.

